

Resolución da Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública pola que se acumula unha praza do proceso de provisión por mobilidade ao proceso de acceso por oposición libre das incluídas na Orde do 26 de xullo de 2022 (DOG núm. 153 do 11 de agosto).

Mediante a Orde do 26 de xullo de 2022 (Diario Oficial de Galicia núm. 153, do 11 de agosto) convocáronse o proceso selectivo de acceso por oposición libre e o proceso de provisión por mobilidade nos corpos de Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía.

A convocatoria incluía unha praza no proceso de provisión por mobilidade no Concello de Guitiriz.

O tribunal nomeado por Resolución do 13 de setembro de 2022 (DOG núm. 178 do 19 de setembro) e de acordo co establecido nas bases da convocatoria acordou facer pública e elevar á Dirección Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública a resolución do 23 de novembro de 2022 pola que se publicaron as puntuacións definitivas e a proposta de adxudicación de destino do proceso de provisión por mobilidade. A resolución propoñía a adxudicación da praza convocada no Concello de Guitiriz a unha das persoas aspirantes do proceso de provisión por mobilidade.

O Concello de Guitiriz remite escritos á Academia Galega de Seguridade Pública (en diante Agasp) en datas 1, 8 e 13 de decembro de 2022 comunicando que a praza resultou quedar deserta.

Tal e como prevé a convocatoria no punto 1.2., as prazas non cubertas no proceso de provisión por mobilidade acumularanse ao proceso de acceso por oposición libre e serán publicadas a través de resolución da persoa titular da Dirección Xeral da Agasp.

En atención a todo o anterior,

RESOLVO

Primeiro.: Acumular a praza convocada no proceso de provisión por mobilidade no Concello de Guitiriz ao proceso de acceso por oposición libre.

Deste xeito, as prazas convocadas no proceso de acceso por oposición libre son as que figuran no Anexo desta resolución.

A Estrada, na data da sinatura electrónica

O director xeral da Agasp

Santiago Villanueva Álvarez



ANEXO

Concello	Nº de prazas	Denominación	Escala	Categoría	Grupo	Proceso
A Coruña	20	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
A Guarda	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Brión	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Burela	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Caldas de Reis	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Carballo	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Gondomar	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Guitiriz	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Malpica de Bergantiños	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Marín	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Moaña	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Nigrán	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Noia	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Oroso	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Outes	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Poio	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Ponteareas	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Pontedeume	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Pontevedra	6	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre





Ribadeo	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Sada	3	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Santiago de Compostela	1	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Sanxenxo	2	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Vigo	25	Policía local	Básica	Policía	C1	Oposición libre
Total	85					

